A Fundación SGAE, co fin de apoiar e impulsar a dirección de longametraxes por mulleres, convoca o



Premio **Dunia Ayaso** 2026

De Dirección Feminina de Longametraxes

BASES

01 Poderán presentarse a este certame **todas as directoras/realizadoras socias de SGAE, con afiliación en exclusividade, de calquera nacionalidade** ou as directoras/realizadoras que estean no proceso de darse de alta como socias de SGAE. Nos casos de coautoría, todas as coautoras deberán ser socias de SGAE en exclusividade ou estar no proceso de selo, sen excepción. Só se admitirán obras en coautoría **cando todas as coautoras sexan mulleres**. Quedan excluídas desta convocatoria as mulleres membros da Xunta Directiva de SGAE, da Comisión de Supervisión de SGAE e do Padroado da Fundación SGAE.

02 Poderán presentarse a concurso longametraxes dirixidas exclusivamente por mulleres que se estreasen desde o 1 de xaneiro de 2026 ou que vaian estrearse non despois do 31 de decembro de 2026. Cabe presentar longametraxes de calquera temática.

03 O premio consiste nunha dotación de 5000 €, á que lle será de aplicación a tributación que corresponda consonte a normativa vixente. No caso dunha obra en coautoría, o premio repartirase a partes iguais entre todas as coautoras. A entrega do premio á gañadora ou gañadoras terá lugar o 7 de novembro de 2026 no marco do Festival de Cine Europeo de Sevilla.

Na medida do posible, as interesadas en presentarse a este concurso deberán ter dispoñibilidade, no caso de resultar premiadas, para asistiren en persoa á recollida do premio.

04 As concursantes presentaranse ao certame **a través de correo electrónico**, anexando a documentación pertinente que se relaciona a seguir:

a) Solicitude de participación cos datos de todas as directoras da longametraxe. Utilizar o modelo anexo a estas bases.

b) No caso de autoras que estean en proceso de darse de alta en SGAE como socias, deberán acompañar a documentación que acredite o proceso de alta.

c) Currículo das concursantes.

d) Ficha técnico-artística da longametraxe que se presenta a concurso e ligazón onde o xurado poida visualizar a longa que se presenta a concurso.

A ausencia de calquera destes documentos suporá a descualificación automática das concursantes.

05 Toda a documentación requirida deberá remitirse por correo electrónico a **audiovisuales@fundacionsgae.org desde o 27 de agosto ata o 1 de outubro de 2026 (ambos inclusive)**, co enunciado que segue no asunto do correo electrónico: **"X Premio "Dunia Ayaso" – Obra para concurso".**

06 O Xurado do Premio estará integrado por autoras e profesionais do medio cinematográfico designadas pola Fundación SGAE.

07 O premio non pode declararse deserto e a decisión do Xurado será inapelable. No suposto de que haxa empate de votos entre os membros do Xurado, a Presidencia poderá facer uso do seu voto de calidade.

08 A autora ou autoras premiadas comprométense, na medida do posible, a que se inclúa explicitamente nas copias da longametraxe, tanto en soporte cinematográfico como videográfico, ou en calquera outro tipo de soporte ou material de promoción desta, a mención **"X Premio "Dunia Ayaso" de Dirección Feminina de Longametraxes"** e o logotipo da Fundación SGAE.

09 Os ficheiros das obras non seleccionadas como finalistas serán destruídos a partir da notificación da longametraxe premiada. Non se manterá correspondencia ningunha sobre estas.

10 As participantes, polo feito de concorreren a esta convocatoria, aceptan integramente estas bases, amais das decisións do Xurado.

11 As participantes eximen a Fundación SGAE de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera outra transgresión da lexislación vixente na que puidese incorrer algunha das participantes.

12 No caso de reclamación ou conflito, tanto as participantes como a organización deberán someterse á xurisdición dos Tribunais de Madrid capital.

ENVÍO DE MATERIAIS
audiovisuales@fundacionsgae.org

INFORMACIÓN
As interesadas poderán efectuar consultas
ou ampliar a información sobre as presentes bases en:
audiovisuales@fundacionsgae.org
www.fundacionsgae.org
www.sgae.es

fundación sgae



Premio **Dunia Ayaso** 2026

De Dirección Feminina de Longametraxes

FICHA DE INSCRICIÓN

Nome(s) y apelidos .....

N.º de socia SGAE .....

Título .....

Domicilio .....

Código postal .....

Localidade .....

Provincia / país .....

Teléfono(s) .....

Correo electrónico .....

A/s autora/s que presenta/n esta solicitude de inscrición para participar no X Premio "Dunia Ayaso" de Dirección Feminina de Longametraxes

MANIFESTA/N:

1.- Que voluntariamente presenta/n a/s súa/s solicitude/s para participar no X Premio "Dunia Ayaso" de Dirección Feminina de Longametraxes.

2.- Que leu/leron e coñece/n as bases da dita convocatoria e asume/n o seu contido. Para estes efectos acompaña/n o/s seu/s currículo/s.

3.- Que coñece/n que, para a xestión da súa participación nesta convocatoria do X Premio "Dunia Ayaso" de Dirección Feminina de Longametraxes, requirirase o tratamento dos seus datos de carácter persoal por parte da Fundación SGAE co fin de realizar todas as xestións de carácter administrativo necesarias para a súa participación no concurso e para a selección da gañadora polo Xurado.

Por todo o exposto, CONSENTE/N EXPRESAMENTE:

Que a FUNDACIÓN SGAE trate os seus datos de carácter persoal, que constan neste escrito e no currículo que acompaña/n coa solicitude de participación na convocatoria do X Premio "Dunia Ayaso" de Dirección Feminina de Longametraxes, para realizar todas as xestións de carácter administrativo necesarias para a súa participación no concurso e para a selección da gañadora polo Xurado.

Que, de conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais, así como na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e nas disposicións complementarias, coñece/n que pode/n exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición, portabilidade e a non ser obxecto de decisións individuais de forma automatizada perante a FUNDACIÓN SGAE dirixindo un escrito aos Servizos Xurídicos da Fundación SGAE ao domicilio social da entidade, sito na rúa Bárbara de Braganza, n.º 7, C.P. 28004, Madrid (España), indicando o seu nome, apelidos, DNI, domicilio, dereito exercido e os motivos.

SINATURA DA/S SOLICITANTE/S

D./D.ª ..... D./D.ª .....